

## orientación laboral

### **INSCRICIÓN NO CURSO DE MONTAXE DE MOBLES E ELEMENTOS DE CARPINTERÍA**

O servizo de Orientación Laboral do Concello de Fene informa que no marco do Plan de Emprego Local – PEL Emprego Sustentable no Ámbito Rural, da Deputación da Coruña, vaise impartir o curso con certificado de profesionalidade de Montaxe de Mobles e Elementos de Carpintería de 642 horas. Desenvolverase en Narón, en horario de maña, de 9 a 14 horas.

#### **Requisitos das persoas candidatas no momento da inscrición :**

- Situación de desemprego, inscrita no Servizo Público de Emprego e atoparse nalgunha das casuísticas contempladas no programa
- Ter cumpridos 16 anos de idade no momento da inscrición
- Estar empadroado en algún dos concellos da provincia da Coruña
- Estar en posesión dos títulos ou certificados precisos para cursar a formación correspondente ao certificado de profesionalidade de nivel 2 (estudos de ESO, 2º de BUP, FP-1, competencias clave nivel 2,...)

#### **Documentación a presentar:**

- ◆ Formulario de candidatura, que se facilitará no servizo ou a través da sede electrónica do concello onde estea empadroad/a.
- ◆ Declaración de cumprimento dos requisitos, que se facilitarán no servizo

**Prazo de inscrición: ata 31 de xaneiro**

#### **Información e solicitudes :**

- 🔗 [https://sede.fene.gal/sxc/es/procedimientosytramites/tramites/AccionFormativa\\_PEL\\_MontajeMuebles\\_N](https://sede.fene.gal/sxc/es/procedimientosytramites/tramites/AccionFormativa_PEL_MontajeMuebles_N)
- 🔗 Concello de Fene, Área de Formación e Emprego “Pancho Allegue” – orientación laboral, Avda., solicitando cita previa no teléfono 981 492 767. [orientacion.laboral@fene.gal](mailto:orientacion.laboral@fene.gal)